



NUMAX PRESENTA:


90 | XUÑO 2025




Librería

O salvaxe e a cidade

Este mes a actividade de *Dicir as marxes* fainos cuestionar as fronteiras do urbano co salvaxe, mirar ás herbas que medran entre o cemento e aos animais cos que convivimos na cidade.



Silvestre
Basque Culinary Center
PLANETA
36€



Fitópolis, la ciudad viva
Stefano Mancuso
GALAXIA
GUTENBERG | 18€



La naturaleza política de la selva
Paulo Tavares
CAJA NEGA | 23€



Paisaxe e nación
Marta López Sánchez
GALAXIA | 20.30€



Entre naturaleza y arquitectura
Marta Llorente
ACANTILADO | 25€



La ciudad agropolitana. La aldea cosmopolita
Jaime Izquierdo Vallina
KRK | 24.95€



Arquitectura sin naturaleza
Timothy Morton
BARTLEBOOTH
| 15€



Una flor en el asfalto
Eduardo Barba,
Raquel Aparicio
TRES HERMANAS
| 24.99€



Herbario Medicinal Urbano
María Begoña Imaz Fernández de Trocóniz
TUNDRA | 35€



Na defensa dos animais
Óscar Horta
AXOUXERE | 18€

Club de lectura NUMAX

MARTES 10 DE XUÑO ÁS 20:00H
Despejado (Libros del Asteroide)
de Carys Davies coas librerías de NUMAX
6 €/sesión

MARTES 17 DE XUÑO ÁS 20:00H
La pasión de los extraños
de Marina Garcés
con Brais Estévez
6 €/sesión

Inscripcións en www.numax.org

Presentacións | Xuño 2025

**MÉRCORES 4 DE
XUÑO ÁS 19:00H**

Presentación de
O cineista andarengo
(EMBORA) de **Manolo
González**. O autor
estará acompañado do
escritor **Manuel Gago**.

VENRES 6 DE XUÑO ÁS 19.30H

Presentación de *Obras
Públicas* (LORREF)
de **Marcos Lorenzo**.
O autor estará
acompañado de
**Dolores Vilavedra e
Germán Labrador**.

XOVES 12 DE XUÑO ÁS 19:00H

Presentación de
San Meteoro (XERAIS)
de **Josiño Araújo**.

VENRES 13 DE XUÑO ÁS 18:00H

Contacontos de
*O gran libro
das nosas vilas*
con **Blanca Millán**.

XOVES 19 DE XUÑO ÁS 19:00H

Presentación de
*Nacenza + Curro da
Mosenda* (FABULATORIO)
de **Amador Lorenzo**.

**VENRES 20 DE XUÑO
ÁS 20:00H**

Afinidades Electivas 2025:
encontro literario con
**Mayte Gómez Molina
e Daniel Salgado**.



AS

MARXES

26 de xuño
20.00H

Iria Murado
Blanca del Noval
A flor no cemento,
o xabarín no asfalto
Un roteiro para
desantropocentrar
a cidade

NUMAX 
numax.org

Actividade subvencionada pola



02

DICIR

Filme do mes:



A TRAMA FENICIA ESTREA 30 MAI

Wes Anderson, 101', ING, VOSE

Con Benicio Del Toro, Tom Hanks, Mia Threapleton, Michael Cera, Scarlett Johansson

Zsa-zsa Korda, un rico empresario, enguedéllase nunha trama de espionaxe xunto coa súa filla Liesl, unha monxa con quen non ten unha boa relación. A carón dun grupo de personaxes peculiares, terán que tomar decisións moralmente ambiguas. A través de situacións irónicas, a trama explora a complexidade das familias disfuncionais e as decisións éticas que xorden en momentos de crise.

Wes Anderson volve á Croisette de Cannes cunha historia que abanea entre a comedia e o drama.

 *El cine de Wes Anderson.*
Rubén de la Prida
Caballero
Comares, 35 €

 **Sección Oficial Cannes 2025**

Estreas



 **Mimosas (DVD / BluRay)**
+ **Diarios de rodaje**
Oliver Laxe / Santiago Fillol |
NUMAX Distribución, 30.70€



SIRAT ESTREA 6 XUÑ

Oliver Laxe, 120', ESP, VO

Con Sergi López e Bruno Núñez

Un home e o seu fillo chegan a unha *rave* nas montañas de Marrocos. Buscan a súa filla e irmá, desaparecida hai meses nunha desas festas sen amencer. Reparten a súa foto unha e outra vez rodeados de música electrónica e unha liberdade que descoñecen.

 **Sección Oficial Cannes 2025**

A RECEITA PERFECTA

ESTREA 13 XUÑ

Louise Courvoisier, 90', FR, VOSE

Con Clément Favreau, Maiwene Barthelemy

Totone pasa o tempo bebendo e de festa cos amigos no Jura. Pero terá que coidar da súa irmá de 7 anos e gañar a vida. Daquela propónse fabricar o mellor queixo Comté da rexión para gañar os 30.000 euros no concurso agrícola.

 **Mellor Filme Un Certain Regard Cannes 2025**



THE LAST SHOWGIRL ESTREA 20 XUÑ

Gia Coppola, 85', ING, VOSE, +12

Con Pamela Anderson, Kierman Shipka

Unha experimentada bailarina debe planificar o seu futuro cando o seu espectáculo remata abruptamente tras unha carreira de 30 anos. Como bailarina de cincuenta anos, débatesse por saber que facer a continuación.

 **Premio Especial do Xurado Donostia 2024**

Á DERIVA ESTREA 27 XUÑ

Jia Zhangke, 111', ZH, VOSE

Con Zhao Tao, Li Zhubin

Qiaoqiao e Bin viven un amor apaixonado, cantando, bailando e gozando de todo o que a cidade de Datong ofrece. Un día Bin decide probar sorte noutra provincia e marcha sen deixar rastro. Qiaoqiao emprende unha viaxe para localizalo.

 **Sección Oficial Cannes 2024**





TRASLADADOS

ESTREA 27 XUÑ

Nicolás Gil Lavedra, 90', ESP, VO

Con Estela de Carlotto, Nora Cortiñas

Co testemuño de ex detidos e familiares, o documental resolve o enorme crebacabezas que proba a existencia da máis cruel metodoloxía de asasinato e desaparición de persoas executada pola Ditadura Cívico Militar Arxentina de 1976 a 1983: Os voos da morte.

🏆 **Mellor Documental Varsovia 2024**

Pases especiais



NO OTHER LAND PASE ÚNICO 7 XUÑ

Basel Adra / Hamdan Ballal / Yuval

Abraham / Rachel Szor, 95', AR, VOSE

O activista palestino Basel Adra documenta a erradicación da comunidade palestina de Cisjordania, onde os soldados israelís derruban as casas e expulsan os seus habitantes.

A proxección enmárcase na campaña «Soster a vida en Palestina», apoiada pola Fundación Coop57, e a recadación irá destinada ao Fondo de Economía Solidaria Daman que ten como obxectivo fortalecer a economía popular palestina.

🏆 **Mellor Documental Oscar 2025**



EL CAMPO PARA EL HOMBRE PASE ÚNICO 13 XUÑ

Helena Lumbreras / Colectivo de Cine de Clase, 50' + 14' + 8', ESP, VO, 1973

A cineasta clandestina antifranquista Helena Lumbreras asina un documental que retrata as condicións de vida do campesiñado no minifundio galego e o latifundio andaluz. O documental irá acompañado da curta *O mercado do trigo* (D.W. Griffith, 1909) e *Galicia Finis-Terrae* (Carlos Velo, 1936). A sesión conta coa colaboración da Filmoteca de Galicia, Filmoteca de Catalunya e Fundación Carlos Velo.

📍 Presenta NUMAX: Xan Gómez Viñas, investigador e socio de NUMAX.



i Presentación e coloquio con Sonia Villapol.

A LOITA FINAL PASE ÚNICO 14 XUÑ

Enrique Banet, 90', GAL, VO

Documental que recolle os posibles efectos que un proxecto como a macrocelulosa, que Altri pretende instalar no corazón da Ulloa, podería provocar, coa intervención de veciñas da zona, especialistas e profesionais.

PARIS IS BURNING

PASE ÚNICO 21 XUÑ

Jennie Livingston, 71', ING, VOSE, 1990

Exploración do mundo das *Houses* do Harlem de finais dos 80. As *Houses* son sociedades de gais e drag queens, que teñen forma de banda urbana e están formadas por unha *mother* e as súas *children*. A función da nai é a de presidir a sociedade e aconsellar e coidar as súas integrantes.



i Presenta Pablo Calviño Tato, investigador do Grupo de Estudos Audiovisuais (USC).

Os ollos verdes

SUGAR ISLAND PASE ÚNICO 2 XUÑ

Johanne Gómez Terrero, 91', ESP, VO, +12

A mecanización da industria azucreira ameaza con desprazar os traballadores. Makenya, unha adolescente cun embarazo non desexado, acompaña o seu avó caneiro nas protestas para seren indemnizados. Unha viaxe cara á adultez.

🏆 Mellor Fotografía Málaga 2025

MEMORIAS DE UN CUERPO QUE ARDE PASE ÚNICO 16 XUÑ

Antonella Sudasassi Furniss, 90', ESP, VO, +16

Ao medrar nun tempo represivo no que a sexualidade era un tema tabú, Ana, de 68 anos, Patricia, de 69 e Mayela, de 71, desenvolveron a súa concepción do que significa ser muller baseándose en normas tácitas e expectativas implícitas. Agora atrevéñase a falalo abertamente.

🏆 Premio do Público Berlinale-Panorama 2024





DIRECT ACTION PASE ÚNICO 30 XUÑ

Guillaume Cailleau, Ben Russell, 216', DE, VOSE

Retrato dunha comunidade activista de Francia: un colectivo rural de 150 persoas que se resistiu con éxito ao proxecto de ampliación dun aeroporto internacional, creou unha zona autónoma entre 2012 e 2018, e sobreviviu a múltiples intentos de desaloxo violento por parte do Estado francés.

🏆 **Mención Especial Berlinale 2024**

Cinema +100



A QUIMERA DO OURO

PASE ÚNICO 26 XUÑ

Charles Chaplin, 96, ING, VOSE, 1925

Con Charles Chaplin, Mack Swain

Durante a febre do ouro, os buscadores desafían o perigoso paso de Chilkoot coa esperanza de facérense ricos nas montañas nevadas. Celebremos o centenario recuperando en 4K unha das maiores aventuras da historia do cinema.

FOCO NARUSE

Anos 60

XUÑO 2025

10 de xuño

TORMENTO

(Midareru, 1964, 98')

17 de xuño

CANDO UNHA MULLER SOBE A ESCALEIRA

(Onna ga toidab wo agaru toki, 1960, 11')

24 de xuño

NUBES DISPERSAS

(Moku no kage, 1967, 108')



↑ Sirat (Oliver Laxe) ESTREA 6 DE XUÑO

NUMAX **10**
numax.org

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

  @numaxcoop